



# Alt 13

**12° Festival Alternativo**

das Artes Escénicas de Vigo

**06.03 > 10.03 | 2013**

[festivalt.org](http://festivalt.org) / [vigocultura.org](http://vigocultura.org)



**VOADORA (Galicia)**  
**“HAPPY END”** microteatro

Xoves 7, venres 8, sábado 9 e domingo 10 / 3 pases: 17:30 h - 18:00 h - 18:30 h (15 espectadores por pase) / Casa Arines / 15' / 3 €

Peza de microteatro pensada para un espazo íntimo. Un pequeno conto sobre o amor, unha microcomedia romántico-musical ao xeito Voadora. “Ben está o que ben remata, máis ás veces polo camiño que se mal pasa”.

Dirección: Marta Pazos / Intérpretes: Marta Pazos, Jose Díaz, Hugo Torres

**KARLA KRACHT & ANDRÉS BELADIEZ (Alemaña-España)**  
**“ZOOMWOZZ”** vídeo-instalación interactiva performance

**ESTREA EN EUROPA**

Xoves 7 e venres 8 / 19:00 h / Casa das Artes, 1º andar / 45' / 5 €

Vídeo-performance, espectáculo live-cinema; unha colmea de almas desesperadas que berran por un anaco de ren, cerebros deshabitados de si mesmos, perdidos no tempo dos outros. Soños esquecidos, desexos extraviados na memoria colectiva, apertas, agarimos, berros, un can ladrando e o murmurio dun bico ao carón dos teus intestinos.

Idea y concepto: Karla Kracht y Andrés Beladiez / Visuales: Karla Kracht / Dramaturgia: Andrés Beladiez / Espacio Sonoro: Andrés Beladiez, Karla Kracht / Música: Make Gazine, Iliá Mayer, ABC100



**SENZA TEMPO (Cataluña)**  
**“JULIETA UNPLUGGED” &  
“OFELIA O LA INTELIGENCIA DE LAS FLORES”** danza-teatro

Xoves 7 / 21:00 h / Auditorio Municipal do Concello / 60' / 5 €

“Julietta Unplugged” (2010) e “Ofelia ou a intelixencia das flores” (2012) son dúas pezas enmarcadas nunha obra que se vai creando en fases, o tríptico “Las Cicatrices Invisibles”. As trágicas historias de Ofelia e Xulieta témolas todos na mente. Lorca no “Público” (1931) e Müller en “Hamlet-Machine” (1970) espertaron eses mitos do teatro do seu cadaleito e déronlles voz, cuestionando o teatro, a noción de identidade convencional e dándonos unha visión dos cambios que se estaban a producir no seu modelo de sociedade, no teatro e nas súas propias vidas. Descubrimos os seus paralelismos e sobre estes traballamos.

Dirección: Inés Boza / Intérpretes: Sarah Anglada, Inés Boza y Nel-lo Nebot / Diseño iluminación: Israel Quintero / Sponsors / Subvenciones



**AMARANTA VELARDE (Cataluña-Holanda)**  
**“LO NATURAL”** danza

**III CICLO DE MULLERES CREADORAS**  
Venres 8 / 20:00 h / Marco / 40' / 5 €

Coa axuda das súas máquinas favoritas, o intérprete realiza unha viaxe para intentar reconectarse coa súa natureza. Quizais pode ser demasiado tarde, xa que a presenza do artificial invadiu a súa natureza. Mais quizais consiga achegar momentos de liberdade, de impulsos incontrolables, quizais conquira unha conexión coa súa natureza máis inxenua e primitiva. Ou quizais a máquina sexa xa parte de si mesmo, unida irremediblemente á súa natureza humana. Oscilando entre a representación teatral dun discurso que o ordenador emite e a creación de paisaxes ficticias, o intérprete convida ao público a aventurarse nun universo sintético e cibernético que vislumbra restos dunha humanidade morriñenta.

Dirección: Amaranta Velarde / Intérprete: Amaranta Velarde: Diseño iluminación Emilio Bravo / Sponsors Antic Teatre, l'animal a l'esquena, La Poderosa, L'estructur





**DAVID ESPINOSA** (Cataluña)  
**“MI GRAN OBRA”** performance teatral en miniatura

Sábado 9 e domingo 10 / 2 pases: 19:00 h - 20:00 h (15 espectadores por pase) / Casa das Artes, 1º andar / 50' / 5 €

“Mi Gran Obra” é o que eu faría se tivera un orzamento ilimitado, o teatro máis grande do planeta, 300 actores e actrices na escena, unha orquestra militar, unha banda de rock, animais, coches e un helicóptero. “Mi Gran Obra” é unha utopía escénica a escala 1:87.

Dirección: David Espinosa / Intérpretes: David Espinosa / Cía. Hekinah Degul / Diseño iluminación: AiR / David Espinosa / Sponsors: El Local Espacio de Creación / C.A.E.T. / Subvenciones: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya



**ROBERTO G<sup>o</sup> DE MESA // SOLUCIONES DRAMÁTICAS //**  
(Illas Canarias)

**“HAMLET POST SCRIPTUM”** teatro de creación

Sábado 9 / 20:00 h / Marco / 75' / 5 €

“HamletPostScriptum”, está nun espazo familiar. Sábelo. Por iso desexo que me acompañes. Sei que este lugar xa non ten segredos. Mais eu quero mirarte aos ollos e preguntarche cousas. Sei agardar. E dicirche: ódiote. Mais tamén sei amarte dende a dor... quizais poida ser ou non a nosa derradeira noite xuntos. Mais... viñeches.

Dirección y texto: R. García de Mesa / Hamlet: Javier Cuevas / Gertrud: Maite Dono / Espacio sonoro: Roberto García de Mesa + Ceice / Estudio audio: Jonás Superstereo/Takeo Music / Espacio escénico: Javier Cuevas / Iluminación y sonido: Carlos Ramos / Vestuario: Nuria Carne / Imagen portada y serie fotográfica: Esteban González Encameviva / Vídeo y proyecciones: Maite Dono, Mateo Feijoo y Digital 104 / Coproducido por: Teatro Victoria, X Festival Encuentros, Santa Cruz de Tenerife //soluciones dramáticas// Con el apoyo de: Sala Conca, La Laguna (Tenerife) y Espacios Abiertos de Libre Creación (EALC), Cervezas Reina, Café Atlántico



**MY!LAIKA** (Francia)  
**“POPCORN MACHINE”** novo circo

Sábado 9 / 22:00 h / Auditorio Municipal do Concello / 50' / 5 €

“Popcorn Machine”, catro integrantes afincados na Francia, que proveñen de catro nacionalidades distintas (un bo reflexo dese espírito nómada do circo), e cunha posta en escena rompedora, para “públicos nocturnos”, como eles mesmos proclaman. Acrobacias espectaculares, equilibrios enriba dun monociclo ou un increíble dominio do trapecio fixo son a canle para xerar unha densa atmosfera e narrar unha historia surrealista cargada de humor e virtuosismo. “Popcorn Machine” recibiu o premio Jeunes Talents Cirque 2010 e no 2012 estivo nos escenarios do Festival Crec e de Avignon.

Con Philine Dahlmann, Salvatore Frasca, Elske van Gelder, Eva Ordóñez Benedetto. Dirección My!Laika avec Florent Bergat / Diseño iluminación: My!Laika avec Luca Baraldo / Régida luz e son: Alessandro Angius / Realización vídeo: Andrea Burrafato / Producción: Les Thérèses / Coproducción: Transversales - Scène Conventionnée de Verdun, Circ que O! Support e subvencions: Jeunes Talents Cirque Europe 2009-2010. Envie d'Agir (Haute-Garonne), Prix Mirabilia 2011, Région Midi-Pyrénées, Ville de Toulouse



**ALT. ESCUELAS** Creación escénica contemporánea realizada por escuelas de teatro del país  
**“MANIPULACIÓN”** Aula de repertorio da Escola Municipal de Teatro de Vigo

Xoves 7 / 20:00 h / Vestíbulo do Auditorio do Concello / 30' / 5 €

Espectáculo de creación colectiva, ideado para ser representado en espazos non convencionais. A súa creación parte do concepto de manipulación e da súa aplicación e desenvolvemento na sociedade e o individuo. Un espectáculo cun forte compoñente visual, onde o movemento escénico, o xesto, as composicións grupales, a música, mais os elementos de atrazo, constitúen a gramaxe dunha dramaturxia da imaxe.

Dirección: Leonel García Laborde



### III CICLO DE MULLERES CREADORAS teatro-danza

Venres 8 / 22:00 h / Auditorio Municipal do Concello / 90' / 5€

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, que patrocina o ciclo mais o ALT., unen a suas forzas para completala exhibición de traballos de creadoras galegas con un programa de acompañamento e apoio á creación, **ALT.PROCREA**.

Presentamos un programa cuádruple en formato "show case" dos traballos en progreso de tres creadoras e un creador, tres delas están a desenvolver o seu traballo fóra de Galicia. Hoxe presentan e explican os seus materiais escénicos na procura da complicidade do público.

**Nuria Sotelo** "SILENCIO, POR FAVOR", **Mercé de Rande**, que desenvolve o seu traballo artístico en Suiza, presenta "SAÍNDO DAS TEBRAS POR TREBOADA", **Estela Lloves**, residente en Alemaña, presenta "DOCE APERTAS PARA CREICIER", e **Diego Anido**, afincado en Cataluña, presenta "SYMON PÉDICRI".

---

## DENDE ALT E DENDE VIGO

Unha pequena reflexión dende ALT... dende Vigo... dende o lugar que nos corresponde como iniciativa cultural perversamente-sans, perversamente-coherentes, perversamente-románticos dende hai doce anos. Perversos por dar caña escénica e deixar caer barreiras mentais tan anquilosadas dende os séculos e polos séculos... e sans, coherentes e románticos porque si, porque nos gusta e porque cremos que é a única forma de seguir neste oficio... con AMOR À ARTE.

Non vou entrar a valorar como vai a cultura, nin quen a está a destruír, que cada un/ha faga a súa propia reflexión e que todos/as busquemos a forma de que o espectáculo continúe

O ALT este ano, como todos os anos, mantense grazas á axuda, ao límite, do Concello de Vigo, á da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo pola súa complicidade no apoio ás creadoras e á voz feminina e ao Instituto francés por axudar á internacionalidade do ALT. E ao Centro Dramático Galego, polo seu apoio ao proxecto **ALT.PROCREA** e polo préstamo dos seus recursos técnicos e humanos.

Non nos caben xa máis queixas (ou si), pero non cabe traballo, esforzo, levantarse e sacudir o po da caída... En ALT non hai egos nin intereses persoais, este é un proxecto para as artes escénicas e para o público que, aínda no desasosiego, merece sempre o mellor. Ogallá o próximo ano aínda aguanten as velas...

Lola Correa  
Directora do ALT.

"En la actualidad el disfraz más imposible es el ser humano".

Álvaro Moreno Herrero, amigo do ALT.

Organiza:

**Noes**  
café  
**Teatro**  
Asociación Cultural

Colaboran:

INSTITUT  
FRANÇAIS  
BILBAO

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo



centro  
dramático  
galego

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA  
DE GALICIA

CONCELLO  
DE VIGO



Coa complicidade de:

SINSALAUDIO  
elmundo

COMOES  
INSTITUTO  
DA COOPERACAO  
E DA LINGUA  
PORTUGAL  
MINISTERIO DOS NEGOCIOS E FINANZAS

Venda billetes: nos mesmos espazos dende 30 min. antes do comenzo da función,  
reserva telefónica no 666 990 403

Info: altvigo@yahoo.es 666 990 403 986 422 541

Servicio de atención cidadá 010 (986 810 260 se chama fóra de Vigo ou móbil)